

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 22 de febreiro de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)". (Expte.-2023056043).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno na súa sesión celebrada o día 22/12/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra "Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de xaneiro de 2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. - TRAUXIA, S.A.
- CONSTRUCCIONES E. C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
- VILARIÑO ESP, S.L.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Rosendo Alonso Fernández, con data 19 de febreiro de 2024, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:



EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	TOTAL SOBRE A
UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L-TRAUXIA, S.A.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	3,00	25,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,00	2,00	20,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	3,00	21,00
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	12,00	1,00	13,00
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	22,00	2,00	24,00
VILARIÑO ESP, S.L.	14,00	1,00	15,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Rosendo Alonso Fernández, de data 19 de febreiro de 2024, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *“Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)”*.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

